FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

DEPORTE GALEGO XUNTA DE GALICIA

ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 21.06.2021

Nas dependencias do "Congreso" de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 21 de xuño do 2021, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma Dª Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes

2. Aprobación da acta da sesión anterior.

3. Informe do presidente

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2021/22, aprobadas por la Comisión Delegada.

5. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2021/22, aprobadas polo Comisión Delegada.

6. Aprobación do Calendario de Actividades 2021-22.

7. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2020.

8. Orzamento de Exercicio 2021.

9. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.

10. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 18:00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:
A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 19 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

2. Aprobación da acta da sesión anterior:
A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ninguna impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

3.Informe do presidente:

O pasado verán despediamos a temporada 19 - 20 como a máis estraña que nos tocaba vivir. Un ciclo deportivo no que a COVID- 19 entraba nas nosas vidas detendo por completo o noso Deporte e o noso día a día.

FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO
SALIDA
Nº 817-21
Fecha 07/07/2021
Dpto. SECRETARIA

Desde esa situación iniciábamos a actual temporada 2020 - 2021 nun escenario no que a incerteza continuaba sendo a protagonista e marcando os tempos e as posibilidades de levala a cabo.

A incidencia do virus dominou o panorama deportivo desde o mes de setembro, ata case o final deste mes de xuño. As decisións das autoridades sanitarias e deportivas, as cales acatamos en todo momento, marcaron ineludiblemente a estrutura das nosas Competicións e das nosas actividades de carácter formativo e de tecnificación. O reaxuste das Bases de Competición e as directrices marcadas polas institucións en cada momento supuxeron un esforzo sen precedentes para todos os que formamos o Baloncesto Galego.

Estas modificacións de formatos e datas, así como a chegada dun protocolo marco para poder levar a cabo o xogo, e mesmo a suspensión temporal íntegra vivida de todo o Deporte Galego foron os puntos clave que solventamos entre TODOS para poder estar hoxe, por fin, na recta final das competicións FGB. Fumos además unhas primeiras Federacións Autonómicas que materializou a posibilidade real de competir en comparación con outras homónimas que non o puideron levar a cabo.

O traballo exhaustivo do persoal FGB para a creación do protocolo FISIOCOVID e a súa aplicación veu da man do esforzo inxente de clubs, directivos, adestradores, xogadores, xogadoras, persoal arbitral e afeccionados por cumprir e axustarse ao que o indicado protocolo determinaba e por afrontar as circunstancias particulares de cada un nunha situación tan difícil en varios aspectos.

Non foi este un camiño sinxelo no deportivo, pero tampouco a nivel de capacidade económica, apartado que puidemos xestionar na mellor medida posible grazas a adaptación e compromiso do persoal FGB, o cal se mantivo en ERTE, e tamén grazas á eficaz xestión da Xunta Directiva para salvar unha situación complexa e nunca antes vivida no ámbito do Deporte Federado

Nesta temporada tamén notamos ausencias importantes en aspectos relevantes como os que afectan ás Seleccións Galegas, ao noso programa de Tecnificación, ou mesmo á Copa Galicia, entre outras. A pesar de que a día de hoxe estamos contentos por saber que a partir desta mesma semana competiremos no Campionato de España de Seleccións Minibasket, isto non foi posible nas categorías Infantil e Cadete.

Tamén tivemos que suspender as finais das Copa Galicia Sénior por imposibilidade de datas para a súa celebración, e botamos en falta poder realizar convocatorias de tecnificación para a base, pero son actividades que estamos seguros que na inminente nova tempada estarán de novo connosco a pleno rendemento.

Hai razóns para o optimismo, e creo que, sen ir máis lonxe, a recente celebración dos Campionatos de España Infantís de Clubs tanto en Marín como en Betanzos, dan conta de que o noso Baloncesto e o entusiasmo e capacidade dos nosos clubs está moi viva e achegan argumentos para confiar na superación da situación de diminución que o virus nos fixo arrastrar.

Por último, expresar o meu desexo e o de toda a xunta directiva desta FGB, de poder afrontar unha nova tempada 2021 - 2022 na que sexa posible levar a cabo coa maior normalidade e garantías posibles as novas Bases de Competición que hoxe presentamos. A porcentaxe de

poboación vacinada a día de hoxe, e sobre todo a capacidade de adaptación e de compromiso que o Baloncesto Gallego vén de mostrarnos, fainos ser optimistas.

Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

1.- Tecnificación dos xogadores/as
2.- As selecciones autonómicas
3.- Area adestradores

Tamén informa sobre o seguinte:

- Tecnificación inactiva nesta temporada..
- Actividades de formación para adestradores tamén inactiva.
- Asistencia das Seleccions Minibasket o Campionato de España en Xuño.
- Preparación das seleccións minibasket.
- Inicio para o mes de xuño da preparación das selecciones autonómicas Cadete, Infantil 2021.
- Non participación das selecciones Cadetes e infantiles nos campionatos de España correspondentes o ano 2020 por celebrarse do 1 ó 5 de setembro.
- Cursos de adestradores: estanse a celebrar en Ferrol-Lugo, Coruña e Vigo en setembro hai previsto facelo en Arousa.
- As titulacións académicas: seguimos co CAD Peleteiro-FGB este ano ofertamos o ciclo SUPERIOR.

Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Informes sobre árbitros e oficiais de mesa, caída dun 35% de licenzas.
- Actividades formativas on-line: un total de 187 dirixidas a árbitros e oficiais de mesa.
- Cursos de Formación On Line. Esta temporada só se fixeron 3 cursos.
- Clips en Instagram con criterios arbitrais.
- Publicación de clips de forma casi inmediata e comentarios vía "whatas app"
- Estase probando unha nova ferramenta de video-análise.

Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre resumo deste ano. Falaremos cos datos da temporada 20-21 ata o 24 de maio.

Na temporada en cuestión tivemos 472 sinistros dos que 404 tiveron "procesos" é decir que ou ben tiveron que facer probas complementarias, ou intervencións quirúrxicas ou foron atendidos en urxencias. Isto representa un coste medio por sinistro de 618,139 €. O ratio de siniestralidade é do 81,80%.

O 58,68% dos sinistros acudiron a urxencias o que representa mais de 277 partes. Entendemos que esto o podemos mellorar xa que a veces vaise a urxencias poidendo solventar a posible lesión moito máis rápido indo o traumatólogo.

Con estos datos a compañía AXA propuso renovar a póliza cun nos mesmos termos que o ano pasado.

4. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 21/22.

A Secretaria indica aos asistentes que só hai presentada unha enmenda por parte de D Jorge López Mosquera e que unha vez estudada pola Comisión Delegada, ambas partes acordan presentar unha enmenda transaccional o artigo 52 apartado 1 que queda redactada da seguinte forma: "Transitoriamente na temporada 2021-22 poderán dirixir encontros de 2ª división cadete, sempre que al menos durante unha temporada tiveran figurado como adestrador na categoría infantil". Apróbase por unanimidade.

Tamén se remitiu a todos os asembleístas un "regulamento de Licenzas" que dende o día 29/01 tras a súa publicación no DOGA e obrigado que por parte da administración pública se de a súa aprobación. Como podedes comprobar é un estracto do noso Regulamento Xeral.

5.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2021 -2022, aprobadas pola Comisión Delegada.

A secretaria informa das emendas presentadas que o non haber ningunha enmenda quedan aprobadas.

6.- Aprobación do calendario de Actividades 2021-22.

A secretaria informa que se remitiu o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada.

Apróbase por unanimidade o calendario de actividades 21-22.

7.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2020

Toma a palabra o tesoureiro e por parte deste quere indicar aos asistentes que as contas do exercicio indicado que este ano non están Auditadas por que é a Xunta quen ten que facelo, e a día de hoxe todavía non teñen contratada a empresa que o faga.

Tamén informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas as contas anuais.

Seguidamente explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2020. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Pásase a súa votación:

Votos a favor: 18 Votos en contra: 0 Abstencións: 1

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2020.

8.- Orzamento de Exercicio 2021.

A Secretaria explica aos existentes que o Orzamento do 2021 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de xaneiro, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

9.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2020/2021 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Apróbase a ratificación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación por unanimidade.

10. Rogos e Preguntas.

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

D. Javier Codesido, pregunta sobre o acta dixital si seguirá ou se ampliará o seu uso en outras competicións. Miguel A. Pérez indica que se seguirá coas categorías que se estaba levando ata agora é dicir as que teñen 3 oficiais de mesa (1ª división masculin e 1ª autonómica feminina)

D. Javier Codesido se fixeron chegar as conclusións sobre as 2ª divisións. Pero na proposta se ve un criterio aberto a cada delegación. O vicepresidente Alberte Zato comunica que non queda reflexado nas bases porque é un traballo que terá que facer o comité de actividades e de que dependerá do número de equipos de cada delegación que será un criterio homoxéneo na medida do posible.

D. Miguel Fernández Rodríguez, comunica que personalmente quedou moi descontento das finales A4, por a falta de tempo entre as semifinais e as finais ou os 3-4 postos que a federación debe vixialo e incluso debería disputarse en dous días. A secretaria infórmalle que nas bases de competición remitidas, así como nas que tíñamos na temporada 19-20, as finais A4 xogánse en dous días, que únicamente este ano e debido a pandemia houbo que rectificar estas fases finais.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.36 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (Alfonso Sanmartín Carbón)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)

C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)
C.B. Valle Inclán (José Mª González Rodríguez)
C.B.Sto. Domingo Betanzos (José M. Valeiro Iglesias)

C.B. Vedruna (Julio Feijoo Pardo)
C.B. Rio Ulla (Mª Isabel Rey García)
C.B. Salesianos Vigo (Oscar Carbajo Lorenzo)
E.B. XIria (Primitivo Reguera Rodríguez)
C.D. Sagrado Corazón (Rubén Engroba Cabo)
ADM Peleteiro (Ana Martínez Allegue)
Daniel López Illán (Arbitros)
José Lázare Prado (Arbitros)
Noelia Rodriguez López (Arbitros)
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)
F.Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogador)
Javier Codesido Farto (Adestradores)
Jorge López Mosquera (Adestradores)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Relación de Invitados

Jesús Garrido Bailón

FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

VºBº O PRESIDENTE.